

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 29 DE ABRIL DE 2022

Asistentes:

Presidente
Prada Rodríguez, Julio

Vicedecanos

Arribas Álvarez, M^a Carmen
Presedo Garazo, Antonio

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo

PDI

Barriocanal López, Yolanda
Comendador Rey, Beatriz
López Díaz, María
Pérez Losada Fermín

PDI contratado

Domínguez López, Ángel

Estudantes

Caamaño Rodríguez, Yera
Lozano Ramírez, Amado
Tierra

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Desculpan ausencia:

PDI

Pérez Rodríguez, Fco. Javier
Reboreda Morillo, Susana
Uña Álvarez, Elena de
Vaquero Díaz, M^a Beatriz

PDI contratado

Xosé Ramón Campos Álvarez

Estudantes

Domínguez Carrera, Lucía
Martíñá Álvarez, María
Rodríguez Álvarez, Lucía

A xunta realízase de xeito presencial na sala de Profesorado do Edificio de Facultades e de xeito virtual, mediante o Campus Remoto, na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros que figuran á marxe o venres 29 de abril de 2022 ás 12.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 24 de marzo de 2022.
2. Informe do presidente.
3. Debate e aprobación, se procede, do Informe de Revisión pola dirección, 2020- 2021.
4. Aprobación, se procede, do Regulamento da Comisión de Calidade.
5. Aprobación, se procede, da modificación na composición da Comisión de Calidade derivados dos cambios na normativa vixente que a regula.
6. Aprobación, se procede, da modificación do art. 25 do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Historia.
7. Debate e aprobación, se procede, da proposta de acordo da Xunta de Centro da Facultade con relación á supresión da materia de Xeografía e Historia de Galicia como optativa de libre Configuración Autonómica no segundo curso de Bacharelato para o alumnado da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais.
8. Debate e aprobación, se procede, da proposta de asignación de espazos ao profesorado xubilado sen vinculación coa Universidade.
9. Asuntos de urxencia.
10. Rolda de intervencións.

O decano da lectura aos nomes dos membros da Xunta de Facultade que desculpan a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 24 de marzo de 2022.

A Acta é aprobada por asentimento.

2. Informe do presidente.

O decano comenta o acordo acadado na derradeira reunión da Xunta de Facultade no senso de non adscribir a un segundo Departamento as materias que conforman o Grao. Respondeuse ao correo remitido pola Dirección da Área de Grao solicitando esta adscrición cun escrito dando conta do acordo da Xunta de Facultade e argumentando que a planificación docente desas materias non aconsella outra adscrición, por ser este o único Departamento que conta con profesorado especializado e non existen outros Departamentos que puideran considerarse afíns como sucedería, por exemplo, se as devanditas Áreas formasen parte de Departamentos diferentes, así como o feito de que a totalidade das Áreas implicadas contan coas súas correspondentes listas de agarda activas, polo que non é previsible que se produzan problemas de asignación de docencia. Non se recibiu ningunha resposta ata o día de hoxe.

Comenta a continuación que está en marcha o proceso para a realización das Xornadas de Innovación docente. Arinfo creou unha web que segue o esquema doutros congresos e xornadas para reducir custe, e isto é o que explica tamén que o cartel e o tríptico inicial fosen elaborados de novo pola Área de Imaxe que xa os fai nunhas medidas estándar para adaptarse á web. Procederáse a darlle publicidade entre os institutos para que coñezan a iniciativa, de modo que en vindeiras edicións podan participar porque este ano é previsible que unha porcentaxe elevada proceda do que se faga na Facultade.

En relación co anterior comenta a celebración, o vindeiro 12 de maio, da segunda edición de “Tendendo Pontes”. Unha iniciativa que pretende facer visibles os proxectos de innovación educativa e traballo por proxectos que realiza o alumnado de secundaria e que presentan estes traballos na facultade acompañados polos seus profesores e que desenvolvemos como parte do plano de visibilización do centro. Trátase dunha iniciativa na que participa unha ex-alumna da Facultade e que a desenvolve no seu centro, pero a intención é que a participación se estenda a outros Institutos.

Informa o Decano que na Convocatoria de Proxectos de Innovación Docente en Centros da Universidade de Vigo, se conseguiu, a pesar das dificultades da convocatoria e o escaso prazo, presentar en tempo e forma o plan piloto coordinado pola prof. Beatriz Comendador, que conta coa participación de outras dez profesoras e profesores e no que participan un total de dez materias e 4 Áreas (Xeografía Física, Arqueoloxía, Prehistoria e Historia Antiga).

Da conta o Decano da súa entrevista co Vicepresidente da Deputación na que lle propuxo un convenio centrado na difusión do patrimonio cultural e natural da provincia coa intención de dar visibilidade ao que se ven facendo neste eido dende a Facultade (saídas de estudos, xornadas e eventos, xornadas de difusión e traballos dos grupos de investigación). A Xunta de Goberno da Deputación aprobou (ten que ir a pleno) unha subvención de 9000 euros, o que presenta algunhas dificultades para tramitala administrativamente, pero que permitiría cubrir con folgura actividades como as saídas e posiblemente tamén as Xornadas que se realizan no Centro. Neste último caso, de concretarse o financiamento, considera interesante que nesta edición tivesen como eixe a nosa provincia, tendo cabida todas as perspectivas coas que se traballa na Facultade: Historia, Arte, Xeografía e Patrimonio Cultural. Considera o Decano que neste intre é importante facer visible a imbricación da nosa Facultade coa sociedade ourensá.

Lembra o Decano que está en marcha o proceso de eleccións de Decano/a na Facultade, atopándose aberto o prazo de presentación de candidaturas e anima á participación.

A prof. Beatriz Comendador pide que se aclare en qué consiste a xornada *Tendendo Pontes*. Responde o Decano que unha ex-alumna da Facultade, Beatriz Outomuro, propuxera unha experiencia a partir das actividades que realiza no seu centro (Instituto Zorelle, con alumnos de 2º e 4º da ESO) sobre a base de traballos por proxectos. Levouse a cabo un proxecto piloto no que se presentou na Facultade un traballo centrado na represión sobre as mulleres e no cal no que el mesmo interveu a xeito de avaliador externo para analizar os puntos fortes e as debilidades do presentado. Pola súa banda, a prof. Susana Reboreda tamén participou no seu centro cunha charla sobre mitoloxía. Trátase dunha experiencia limitada ao CPR Padre Feijóo-Zorelle, pero a intención sería estendela a outros centros educativos. A prof. Beatriz Comendador considera que, efectivamente, sería positivo ampliar a participación a outros centros.

Comenta o decano que, en función do resultado das Xornadas de Innovación, pode considerarse a potenciación desta proposta, pero que é preciso organizalo e anunciálo con máis tempo. O interesante é que se vaia coñecendo a iniciativa e, se funciona, sempre será positivo.

3. Debate e aprobación, se procede, do Informe de Revisión pola dirección, 2020- 2021.

Comenta o Decano que o Informe constitúe un traballo exhaustivo realizado polo Vicedecano e Coordinador de Calidade, Antonio Presedo, revisado pola colaboradora de Calidade, a prof. María López e polo propio Decano e coa colaboración da Vicedecana, Carmen Arribas e a Representante do PAS, Josefa Rodríguez. Foi enviado con tempo para que fora posible revisalo con calma polos membros da Xunta e facer suxestións, tendo en conta que hai unha serie de procedementos e accións de mellora sobre os que, a pesares de ter reflexionado fondamente sobre eles, sempre é benvida calquera tipo de suxestión ou mellora. Ademais, chama a atención sobre o feito de que este ano lle toca a 3º curso o informe de satisfacción, no que é probable que colleitemos indicadores “pouco alentadores”.

O informe foi validado na Comisión de Calidade e se incorporaron as suxestións feitas nesa reunión polos profs. Beatriz Comendador e Fermín Losada.

Sinala o Decano a necesidade de definir liñas de actuación e aclarar as dúbidas que xurdan, por exemplo, no que atinxe as respostas nas enquisas por parte do alumnado. Neste caso, é habitual que a forma en que o alumnado entende determinadas preguntas non se corresponda co que efectivamente se inquire. Coa intención de clarificar aspectos nos que xorden dúbidas, dende a Secretaría do Decanato, lanzouse unha enquisa, a través da Secretaría Virtual do alumnado, para coñecer as razóns que levan a matricularse no noso grao e, a partir das respostas, reflexionar sobre o tipo de accións que sería preciso desenvolver. Insiste en que se trata dun proceso aberto e que, ao longo de todo o curso, calquera suxestión de mellora será benvida, especialmente por parte do alumnado.

Sinala o representante do alumnado, Yerai Caamaño, que é un tema que se ven comentado dende fai tempo e que a baixa participación nas enquisas responde, en gran medida, a que dende o momento en que deixaron de realizarse presencialmente o alumnos préstalles menos atención.

Apunta o Decano que ese é un problema xeralizado en toda a universidade española, dándose unha baixa participación nas enquisas tanto entre o alumnado como entre o profesorado.

Comenta o prof. Antonio Presedo que ven dunha reunión de calidade na que se tratou o tema das enquisas de satisfacción e indica que noutros centros se levaron a cabo reunións para explicarlle ao alumnado o senso das preguntas. Apunta como explicación á baixa participación o feito de que os cidadáns vexámonos obrigados a cumprimentar constantemente enquisas o que leva, chegado un momento, a que non sexa posible distinguir aquelas que son importantes das que non o son.

Sinala o Decano que na UNED se retribúe ao alumnado con créditos de libre elección para incentivar a participación nas enquisas e que ata habería que plantexarse se non sería conveniente incentivar a participación nas enquisas facendo uso de parte da cualificación reservada á participación activa do alumnado nas diversas mateias. O representante do alumnado, Yeraí Caamaño, comenta que o curso pasado fixéronse reunións coa intención de que o alumnado participase en maior grao nas enquisas de profesorado, pero que o resultado foi pouco satisfactorio.

Insiste o decano en que hai que seguir reflexionando e traballando para mellorar a participación.

O Informe de Revisión pola Dirección é aprobado por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do Regulamento da Comisión de Calidade.

Comenta o decano que non existía Regulamento, polo que se traballaba en base ao Regulamento de Réxime Interno da Facultade e ao Manual de Calidade. Isto daba lugar a algunhas contradicións entre a composición da Comisión que se recollía nun e outro, polo que aproveitando os cambios normativos da Universidade nesta materia, redactouse un Regulamento específico, eliminando esas disfuncións e remitiuse o borrador a Área de Calidade, que deu o seu visto bo. O regulamento define as funcións da Comisión de Calidade, a súa composición coa incorporación de novos membros e o seu funcionamento. Incorpora entre outras novidades a figura da colaboradora de calidade e non se recolle a de outros representantes dos departamentos que non sexa o de Historia, Arte e Xeografía dada a súa case nula presenza no plano de estudos e en coherencia co apuntado no tema da adscrición de materias.

O Regulamento é aprobado por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da modificación na composición da Comisión de Calidade derivados dos cambios na normativa vixente que a regula.

Sinala o Decano que é preciso modificar a composición da Comisión de Calidade de acordo co regulamento, o manual de calidade e co principio de facer máis operativa a comisión. O regulamento fala de cando menos 1 representante de PDI, tiñamos tres: Yolanda Barriocanal, Xosé Ramón Campos e Beatriz Vaquero. Como esta última xa forma parte da mesma en calidade de coordinadora do Grao, desaparece como representante de PDI. Como representante da sociedade propónse a continuidade de Rosa María Díaz Naya, mentres que Francisco Borja Campos Seijo pasaría a ser representante do alumnado egresado, cesando Marta López e Begoña Garrido, que polas súas obrigas profesionais non adoitaban poder asistir. O

Decano pide que conste en acta, o mesmo que fixo na Comisión de Calidade, o agradecemento polo labor que ambas as dúas realizaron ata o de agora. A prof. Beatriz Comendador indica que persiste o erro xa comentado na reunión da Comisión de Calidade e que ela non aparece como representante do PDI. Sinala o Decano que isto se debe a que o documento enviado era o mesmo que para a Comisión de Calidade e que xa se procedeu a corrección.

6. Aprobación, se procede, da modificación do art. 25 do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Historia.

Sinala o Decano que, como continuidade de todo o anterior, procede modificar a redacción do art. 25 do Regulamento de Réxime interno da Facultade no que atinxe precisamente á composición da Comisión de Calidade

O artigo 25 do RR.II. da Facultade de Historia quedaría redactado nos seguintes termos:

1. A Comisión de Calidade, ou Comisión de Garantía Interna de Calidade, é un órgano colexiado do Centro no que se atopan representados os distintos grupos de interese e persoas implicadas na actividade docente das titulacións do mesmo, así como representantes da sociedade. Como tal, constitúe un elemento clave no desenvolvemento dos programas de calidade do Centro e un axente dinamizador da xestión de calidade no mesmo.

2. A Comisión de Calidade da Facultade de Historia da Universidade de Vigo procurará o equilibrio entre mulleres e homes e estará composta, cando menos, polos seguintes membros:

- a) Decano/a do Centro, que a preside.
- b) Coordinador/a de calidade.
- c) Colaborador/a de calidade, se o/a houber.
- d) Coordinador/a de cada unha das titulacións de grao do Centro, ou persoa en quen delegue.
- e) Coordinador/a de cada unha das titulacións de mestrado do Centro, ou persoa en quen delegue.
- f) Un/unha representante da dirección de departamento con sede no Centro.
- g) Enlace de igualdade.
- h) Coordinador do PAT/PIUNE ou persoa na que delegue.
- i) Cando menos un/unha representante do PDI.
- j) Unha persoa representante do PAS colaboradora nas tarefas de calidade se a houber.
- k) Un/unha representante do estudantado
- l) Un/unha representante do estudantado egresado.
- m) Administrador/a do Centro ou persoa na que delegue.
- n) Cando menos un/unha representante da sociedade.

3. Poderán participar nas reunións da Comisión de Calidade outras persoas, particularmente persoal técnico de calidade, responsables dos procesos (segundo o establecido en cada procedemento) ou representantes de titulacións concretas, cando o seu asesoramento ou participación estívense oportunos e así se faga constar na convocatoria.
4. A Comisión reunirase, polo menos, dúas veces ó ano no marco da revisión de resultados e sempre que sexa preciso de acordo coa axenda que elabora a Área de Calidade.
5. A Comisión será convocada polo presidente ou presidenta ou a pedimento dun terzo dos seus membros. Neste caso, as persoas que o soliciten deberán indicar tamén o punto ou puntos que desexen tratar na sesión.
6. Para poder desenvolverse as sesións e acadar acordos, deben estar presentes, polo menos, un terzo dos seus membros.

Aprobase a nova redacción do art. 25 do Regulamento de Réxime Interno por asentimento.

7. Debate e aprobación, se procede, da proposta de acordo da Xunta de Centro da Facultade con relación á supresión da materia de Xeografía e Historia de Galicia como optativa de libre Configuración Autonómica no segundo curso de Bacharelato para o alumnado da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais.

O Decano resume o proceso, que parte da publicación en marzo da LOMLOE (Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración de la Formación Profesional) que reforma os currículos de ESO e Bacharelato. A Consellería ten que adaptar esa normativa e ofertar una materia de libre Configuración Autonómica para 2º Curso de Bacharelato na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais. Antes de 2015 unha desas materias se denominaba “Xeografía e Historia de Galicia”, cunha carga docente semanal de 4 horas. No ano citado, a materia desdoubrouse en dúas materias de 2 horas semanais: “Xeografía e Historia de Galicia” e “Patrimonio e Sociedade de Galicia”. Isto provocou unha caída na demanda, esencialmente, pola dificultade de casar nos horarios esas dúas materias de 2 horas co resto, que tiñan 4 horas e ademais esixíase un mínimo de 10 alumnos para poder ofertalas.

Na adaptación a LOMLOE, o grupo de técnicos encargados da adaptación dos novos currículos a Galicia fixeron unha proposta que fai desaparecer a “Xeografía e Historia de Galicia”, mantendo unha materia de “Patrimonio e Sociedade de Galicia” que incorpora unha parte substancial do temario de Xeografía e Historia de Galicia.

Cando se lle deu publicidade aos currículos, algúns docentes de Ensino Secundario empezaron a organizarse para protestar por este cambio e o decano redactou o escrito que se enviou coa convocatoria da Xunta de Facultade. Con posterioridade, o día 23, o profesor Raúl Soutelo lanzou una

petición en Change Org, solicitando o apoio de todos os departamentos e facultades da USC, texto que fixo chegar á prof. Susana Reboreda e ao Decano e no que se omitía, por erro, a referencia á nosa Facultade e ao Departamento, pero que se entendía que tamén ía dirixido a nós.

O mesmo día en que se remitiu a convocatoria da Xunta de Facultade, o Decano recibiu unha chamada do Conselleiro para pedirlle a súa opinión. A título persoal, indicoulle a súa desconformidade pola desaparición da materia de Xeografía de Historia de Galicia, comentou as deficiencias que presenta o currículo proposto, destacou como positivo a recuperación das catro horas da materia e chamou a atención sobre a necesidade de que no nome definitivo da materia aparecese o nome de “Xeografía e Historia”, que ao seu xuíz debía manter o seu carácter vehicular xunto coa Historia da Arte. O Conselleiro acolleu favorablemente os comentarios e a proposta e, con posterioridade, remitiu unha carta aos decanos de Xeografía e Historia de Santiago e de Historia de Ourense, da cal da lectura á Xunta. O devandito escrito incide en que os contidos e o desenvolvemento da materia se centrarán nas características xeográficas e históricas, así como nos aspectos culturais e propón como posible título “Xeografía, Historia e Arte de Galiza. Patrimonio e Sociedade”. Polo que semella que a inqueda inicial parece que vai na boa dirección, segundo a proposta feita dende a Consellería, aínda que considera que non resulta afortunado separar a “Sociedade” da “Historia”. En todo caso, considera que á vista disto sería preciso darlle unha nova redacción ao escrito inicialmente enviado no que, recollendo o substancial do mesmo, se engada que consideramos positivo que a Consellería avanzase na consideración de que os contidos e o desenvolvemento da devandita materia centraranse nas características xeográficas e as dinámicas históricas de Galicia, así como nas manifestacións culturais e artísticas da comunidade, considerando asemade axeitado a recuperación da carga lectiva de catro horas e se exprese, asemade, a disposición dos membros da Xunta para contribuír á tarefa de concretar o descriptor da materia e inserir na denominación da mesma un identificador acorde co que entendemos que deben ser os referentes vehiculares da mesma.

O representante de alumnado, Amado Tierra Lozano, pregunta se esta materia é de libre configuración e se teñen que ofertala todos os institutos. Responde o decano que se trata dunha materia de libre configuración autonómica, que só se oferta no caso de existir número suficiente de alumnos e o Instituto ten o profesorado adecuado para impartila. Dende o desdoblamento en 2015 existen problemas de alumnado e, no caso de non haber profesorado adecuado e non ser posible ter profesorado novo, queda sen impartir.

A prof. María López pídlle ao decano que clarifique os pasos e puntos de inflexión no desenrolo da polémica e que aclare se o que se pide con este escrito é aceptar a proposta feita polo Conselleiro na súa carta. O Decano resume novamente todo o proceso.

Comenta a prof. Beatriz Comendador que o título da materia que propoñía inicialmente parece saír das conclusións de un foro organizado en 2019 polo Consello da Cultura Galega, que tiña como eixe temático o patrimonio e a súa difusión na sociedade galega. Nas conclusións, que se remitiron ao Parlamento de Galicia, pedíase a implantación da educación patrimonial na educación secundaria. Na súa opinión, resulta chamativa a coincidencia entre a temática do foro a petición realizada e a nova materia que agora se propón, aínda que nela non desaparezan os contidos de Xeografía e Historia. Considera que a implantación da educación patrimonial en secundaria non debería conlevar a desaparición do ensino da Xeografía e Historia de Galicia.

Considera o decano que a cuestión de fondo posiblemente teña que ver co plantexado pola prof. Beatriz Comendador, pero na súa opinión, a nivel técnico o procedemento fíxose mal e se comunicou mal, sobre todo porque a necesidade de fusionar nunha mesma materia as dúas anteriormente separadas en 2015 conduciu á desaparición do título da Xeografía e a Historia Galicia. A última proposta da Consellería representan un avance respecto ao que inicialmente se filtrou, pero non é de todo satisfactorio e parece que segue habendo moitas deficiencias á hora de integrar os contidos de ambas as dúas nos novos currículos aos que aínda non se tivo acceso por completo.

A prof. María López, coincide na apreciación de que se deben impartir os contidos relacionados co patrimonio nas ensinanzas medias, pero non cree que o proposto dende a Consellería sexa a solución. Considera que dende a Facultade débese amosar a disposición a colaborar, pero que debería presionarse no senso de establecer dúas materias diferentes. Comenta a inadecuación do emprego no título da materia do termo “sociedade”, que lle parece, como mínimo, redundante. Sinala o decano que o plantexamento inicial era defender dúas materias, pero que a Consellería só ten a posibilidade de ofertar unha. Coincide na deficiencia técnica do título ao incorporar o termo “sociedade”. Considera que a Consellería o que pretende e dar satisfacción a todos. No escrito que se propón non se entra en consideracións sobre o título, xa que neste intre non se sabe se é algo definitivo ou unha idea para avanzar sobre ela. Cree que o conveniente é remitir ao que di o Conselleiro respecto a concretar o descriptor e inserir unha denominación acorde co noso sentir e amosar a dispoñibilidade para colaborar se estiman oportuno formar unha comisión.

A prof. María López, insiste sobre o que considera unha incongruencia no título da materia e sinala que debería haber un pronunciamento dende a Facultade no senso de chamar a atención sobre a falla de rigor científico que o emprego do termo “sociedade” manifesta neste contexto. Tamén chama a atención sobre a inexistencia de persoal capacitado en ensino medio para impartir a materia tal e como se define no seu nome, o resultado será que realmente non chegue a impartirse adecuadamente. Apunta o decano que o obxectivo do escrito era ir máis aló das cuestións nominalistas que fan

referencia ao título, dado que a materia ten que integrar os contidos dos distintos ámbitos e habería que saber se o título é un tema xa pechado ou unha proposta dende a que avanzar tamén na concreción dos contidos e que na súa opinión o obxectivo principal debería ser recuperar o carácter vehicular dos contidos de xeografía e historia.

A prof. María López pregunta se este escrito é unha proposta do equipo decanal ou da Xunta de Facultade e pide que se clarifique a posibilidade de ofertar o asesoramento da Facultade na concreción final da materia. Responde o decano que o proceso ponse en marcha por aqueles profesores de secundaria que se opoñían a materia tal e como se presentara inicialmente dende a Consellería. Aqueles solicitan o posicionamento ao respecto da Facultade, de aí xurde o primeiro escrito remitido dende o decanato coa convocatoria da Xunta de Facultade, pero que non representa ningunha proposta do equipo senón un texto que se somete á Xunta para realizar as modificacións que se consideren oportunas e logo remítilo á Consellería expresando o parecer da mesma. Comenta de novo os contidos deste primeiro escrito e lembra a carta remitida polo conselleiro que facía preciso modificar algúns dos contidos do mesmo. Reitera que na súa opinión, máis que inclinarse por un título concreto, que na súa opinión ben puidera ser o de *Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia*, neste intre o máis conveniente é facer referencia á disposición do Conselleiro respecto a concretar o descriptor e inserir unha denominación axeitada, sen especificar cal, e amosar a nosa disposición para colaborar nese proceso.

Indica a prof. María López que despois desta nova intervención do decano a situación parece máis clara e inclínase por facer una nova redacción, facendo fincapé, e colocando en primeiro lugar a referencia ao título.

A prof. Yolanda Barriocanal insiste na polémica que resulta a denominación da materia e chama a atención sobre o feito de que a Historia da Arte apareza solapada en Xeografía e Historia. Na súa opinión, a denominación Xeografía e Historia sería máis axeitada dende o punto de vista do ensino da Historia da Arte; o ensino do patrimonio esixiría uns contidos e unha formación diferente. Considera que un nome axeitado para esta materia podería ser "Xeografía, Historia e Arte de Galicia". Chama a atención sobre as complexidades que se derivan da polisemia existente no concepto "patrimonio".

O decano propón someter o escrito e as súas modificacións a votación.

A prof. Beatriz Comendador chama a atención sobre o escaso número de asistentes á Xunta de Facultade. A este respecto, sinala o decano que é preciso tomar unha decisión á maior brevidade, tendo en conta a proximidade dos prazos de matrícula en Bacharelato.

A prof. María López sinala tamén o escaso número de asistentes á Xunta, o que lle restaría representatividade a calquera toma de posición que se adopte. Comenta que no escrito deberían aparecer as dúas ideas xa

comentadas: que se considera mellorable o nome da materia e ofrecer o asesoramento da Facultade sobre a concreción dos contidos.

O decano propón non subscribir o nome proposto e inserir no escrito a frase “un título ou denominación máis acaída”.

A prof. Yolanda Barriocanal propón cambiar a redacción nos seguintes termos: “redefinir e inserir na denominación da mesma un identificador acorde co que a devandita Xunta entende que deben ser os referentes vehiculares da mesma”.

O prof. Antonio Presedo insiste na importancia da denominación ou título da materia, e considera que calquera argumentación que se presente debería comezar precisamente polo título.

A prof. María López entende que o escrito insiste sobre os contidos, e considera que o problema esencial está na denominación ou título.

O decano sinala que se procederá a cambiar a redacción e insiste en que o prioritario é tamén visibilizar o carácter vehicular dos nosos títulos.

A prof. María López insiste na necesidade de defender a identidade da Historia máis aló da súa diferenciación en relación cos contidos específicos de Patrimonio, o que debería ter reflexo no título da materia.

O escrito no que se recolle a postura da Xunta de Facultade queda redactado nos termos que se recollen no Anexo I.

8. Debate e aprobación, se procede, da proposta de asignación de espazos ao profesorado xubilado sen vinculación coa Universidade.

O decano expón que a petición que se somete á Xunta parte dunha solicitude presentada pola prof. María Victoria Carballo-Calero de dispoñer dun espazo de dunha mesa a raíz da finalización da súa relación coa Universidade como profesora emérita. O decano entende que no suposto de que a Xunta se pronuncie favorablemente debería considerarse extensivo a todo o profesorado xubilado da Facultade que así o solicitase e, ademais, dado que é posible que existan problemas dende un punto de vista administrativo, debería quedar condicionado a que existise dispoñibilidade de espazos e a que por parte da Secretaría Xeral sexa autorizada a súa creación.

Comenta a prof. Beatriz Comendador que na súa opinión trátase un asunto que require unha maior reflexión, polo que o decano propón realizar primeiro a consulta á Secretaría Xeral e en función da resposta someteríase novamente á Xunta no caso de que resultase procedente. Apróbase por asentamento esta última proposta realizada polo decano.

9. Asuntos de urxencia.

Non hai.



10. Rolda de intervencións.

A prof. Beatriz Comendador manifesta o seu acordo co fondo e coa resolución definitiva adoptada no punto 7 da orde do día, pero quere facer constar a súa discrepancia con algunhas das opinións expresadas no debate en relación coa consideración do patrimonio.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13,30 h do día 29 de abril de 2022, da que eu como secretario dou fe co visto e praxe do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez


Domingo Rodríguez Teijeiro

Anexo I.

Domingo Rodríguez Teijeiro, secretario da Facultade de Historia de Ourense
CERTIFICA

Que a Xunta de Centro da Facultade de Historia de Ourense, na súa xuntanza de 29 de abril de 2022 adoptou o seguinte acordo con relación aos novos currículos educativos de Galicia:

1. A Xunta considera que a posibilidade de supresión da materia de *Xeografía e Historia de Galicia* como optativa de libre Configuración Autonómica, que se ofertaba ata o momento no segundo curso de Bacharelato para o alumnado que cursaba a modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais, representaría un paso atrás para as posibilidades que ten este de achegarse á realidade xeográfica e histórica de Galicia, como unha das tres nacionalidades históricas recollidas na Constitución española de 1978, o cal, de acordo co propio currículo vixente, demanda o estudo científico dos aspectos históricos, xeográficos e antropolóxicos de maior transcendencia para coñecer e explicar a evolución e a situación da sociedade galega actual.
2. A materia de *Xeografía e Historia de Galicia*, tal como estaba configurada, complementaba os coñecementos e as competencias que lle achegaban ao alumnado as materias de Historia de España, de Historia do Mundo Contemporáneo e de Historia da Arte, polo que se recoñecía explicitamente que debía afondar no coñecemento crítico das especificidades históricas de Galicia en perspectiva comparada co resto do Estado español e co contexto mundial. Por outra banda, a selección de contidos posibilitaba atender á descrición dos procesos e dos fenómenos máis salientables da conformación xeográfica e histórica de Galicia, cun tratamento en profundidade das transformacións da época contemporánea ata o presente, o que permitía que ese mesmo alumnado tomase contacto coa aplicación de técnicas de análise de fontes diversas e perspectivas interpretativas específicas das ciencias sociais, así como o estudo do pasado na aula e no contexto escolar, como estratexia de ensino e aprendizaxe orientada a favorecer a comprensión crítica da multicausalidade histórica e das características propias da Galicia actual.
3. En opinión da Xunta, este enfoque xa perdera parte da súa virtualidade cando a devandita materia foi «desdobrada» en dúas (*Patrimonio e Arte de Galicia e Xeografía e Historia de Galicia*), de dúas horas cada unha, o cal tense traducido nunha significativa redución da demanda de ambas as dúas como consecuencia das dificultades que ese desdoblamento supón para o encaixe de materias escollidas polo alumnado nos horarios dos distintos centros da Comunidade Autónoma, o cal se viu ademais agravado polo aumento das ratios alumnado/aula e o incremento ata dez do número mínimo de alumnos e alumnas matriculados nunha materia.
4. A Xunta considera que as materias e *Patrimonio e Arte de Galicia e Xeografía e Historia de Galicia* presentan unha innegable e obxectiva especificidade que non aconsella a simple disolución dunha noutra se o que se pretende realmente é fomentar ás competencias clave sociais e cívicas e de conciencia e expresións culturais propias de Galicia, esixindo un



tratamento específico relacionado cos contidos que son propios de cada unha delas. A normativa vixente posibilita unha integración curricular das devanditas materias e, ao tempo, manter o carácter vehicular da Xeografía, a Historia e o Patrimonio de Galicia como elementos centrais da nosa identidade diferencial.

5. A Xunta de Centro da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Vigo, á vista da carta remitida polo excmo. sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, congratúlase de que a Consellería avanzase na consideración de que os contidos e o desenvolvemento da devandita materia centraranse nas características xeográficas e as dinámicas históricas de Galicia, así como nas manifestacións culturais e artísticas da comunidade, considerando asemade axeitado a recuperación da carga lectiva de catro horas.

6. Os membros da Xunta de Centro da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Vigo amosan a súa disposición para contribuír a avanzar na tarefa de redefinir e inserir na denominación da mesma un identificador acorde co que a devandita Xunta entende que deben ser os referentes vehiculares da mesma, así como para concretar o seu descriptor, quedando ao dispor das autoridades educativas á espera da concreción, pola súa banda, da fórmula operativa máis axeitada para que poida facerse efectiva esta colaboración.